

Estrutura dos exames parciais escritos C1-A de inglés

Comprensión auditiva (escoitar)

- escoitaranse dúas veces dous diálogos, descrições ou narracións e contestarán a continuación algunhas preguntas.
- O número máximo de ítems será de 20.
- As preguntas poderán presentar os formatos seguintes:
 - tipo test
 - verdadeiro/falso
 - transformación de oracións
 - encher ocos
 - preguntas de comprensión, etc.

Comprensión lectora (ler)

- Leranse dous textos de vocabulario non técnico e a continuación responderán varias preguntas.
- Poderá incluír as seguintes micro destrezas:
 - comprender a idea principal e as secundarias
 - identificar e comprender detalles relevantes
 - comprender argumentos e instrucións
- O número máximo de ítems será de 20.
- As preguntas poderán presentar os formatos seguintes:
 - tipo test
 - verdadeiro/falso
 - transformación de oracións
 - encher ocos
 - preguntas de comprensión, etc.

Producción escrita (escribir)

- Desenvolveranse transformacións de oracións mantendo o significado do texto orixinal.
- Tamén se lles dará un texto para que o completen coa palabra ou expresión axeitada de acordo co contexto.
- O número máximo de ítems será de 20.

Duración e condicións

- A duración do exame C1-A non excederá **2h e 30 minutos**.
- Para acadar a cualificación de **APTO** haberá que superar o **50% en cada unha das destrezas**.
- Se se aproba esta primeira parte escrita, terá que realizarse unha proba oral.

Estrutura dos exames parciais orais C1-B de inglés

Produción oral (falar)

- A proba oral realizarase en parellas e haberá dous examinadores/as.
- Poderá constar de **4 partes**:
 1. Preguntas de carácter xeral e persoal desenvolvidas de xeito interactivo entre os dous candidatos/as.
 2. Desenvolvemento de comunicación oral a través de soportes visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa).
 3. Desenvolvemento de comunicación oral baseada nun texto que servirá como punto de partida para unha conversa breve entre os/as examinados/as.
 4. Preguntas de carácter xeral feitas polos examinadores e relativas ás cuestións debatidas na parte anterior.

Duración e condicións

- A duración do exame C1-B non excederá **20 minutos**.
- O exame oral C1-B poderá ser gravado en formato audio.